

Acordos do pleno do Consello Social do ano 1993

- Tivo coñecemento da Memoria Económica correspondente ó ano 1991 presentada pola Universidade.
- Aprobación das transferencias de créditos do Capítulo II (gastos correntes) ó capítulo VI (gastos de capital) de distintos Centros de Gasto da Universidade.
- Aprobación das taxas do Instituto de Criminoloxía e da Escola de Práctica Xurídica.
- Aprobación da solicitude de adquisición dun microscopio electrónico de transmisión para o Departamento de Física Aplicada da Facultade de Física.
- Aprobación das Taxas dos Cursos de Posgrao: "Fundamentos, Práctica e Asistencia da Obstetricia e Maternoloxía"; "Mestrado en Drogodependencia"; "Especialización en Apoio Psicopedagóxico e Orientación Educativa"; "Especialización en Ecografía Obstétrico-Xinecolóxica"; "Especialización en Monitorización de ensaios cónicos (CRA): Clinical research associate"; "Curso Superior de Administración e Xestión Sanitaria (Estudio de Mestrado)"; "Alcoholismo"; "Xerentes de Cooperativas"; "Comercio Exterior"; "Especialización en Enfermería Pediátrica"; "Enfermería Xeriátrica e xereontoloxía (Programa de Especialización)".
- Aprobación das modificacións na relación de postos de traballo do P.A.S. da USC para o ano 1992.
- Aprobación da distribución do Presuposto do Consello Social. Exercicio 1993.
- Acordo sobre o recoñecemento de antigüidade dos Profs. Contratados e Interinos a tempo completo.
- Emisión de informes favorables sobre as propostas de creación da Facultade de Educación no campus de Santiago integrando na mesma a E.U. de Maxisterio de Santiago e a Sección de Pedagogía da Facultade de Filosofía e CC. da Educación: supresión de primeiros ciclos: Sección de Filoloxía Románica no Colexio Universitario de Lugo e do Primeiro Curso de E.T.S.; Titulacións que se impartirán na Facultade de Humanidades de Lugo; transformación das titulación da Sección de Pedagogía.
- Deuse por enterado e amosou a súa conformidade co proxecto de redacción do Plan Especial do campus de Lugo.
- Aprobación da proposta de acordo feita pola Xunta de Goberno da Universidade de ratificalo asinamento do convenio co Concello de Santiago de Compostela sobre permuta de terreos.
- Aprobación da proposta da Reforma Administrativa e modificacións na relación de postos de traballo do P.A.S.
- Emisión de informe favorable sobre a creación do Instituto Tecnolóxico.
- Aprobación da proposta de actualización nos prezos en atención a pacientes en Odontoloxía.
- Aprobación do importe da matrícula do curso de formación continuada para a homologación a pacientes en Odontoloxía.
- Aprobación da programación anual do ano 1993.
- Aprobación dos Presupostos da Universidade de Santiago de Compostela correspondentes ó exercicio 1993.
- Aprobación das normas de xestión patrimonial da U.S.C.